

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 25 de xuño de 2009, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se modifican as resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de persoal licenciado sanitario do organismo.*

Por varias resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG Nº 247, do 22 de decembro), convocouse concurso-oposición para as categorías de facultativo especialista de área de diversas especialidades, médico de urxencias hospitalarias, médico de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria, farmacéutico de atención primaria, odontólogo de atención primaria e médico coordinador do 061.

Entre os exercicios da fase de oposición que se establecen no anexo III das devanditas resolucións, figura un exercicio sobre o contido da parte común do programa (temas 1 ao 8, inclusive), que de conformidade co establecido no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, se realizará exclusivamente en lingua galega.

Por outra banda, e respecto ao exercicio de coñecemento da lingua galega, non se recolle a exención da súa realización para os aspirantes que estean en posesión do Celga 4, ou equivalente debidamente homologado, prevíndose tan só a exención deste exercicio para os aspirantes da quenda de promoción interna.

A Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, modifica a redacción do devandito artigo 35 e na disposición transitoria única establece a aplicación da liberdade de elección da lingua galega e castelán nos procesos selectivos en curso respecto dos exercicios que aínda non estean realizados.

De conformidade co anterior, e tendo en conta que a realización dos exercicios da fase de oposición para o ingreso nas citadas categorías está previsto para o vindeiro 27 de xuño de 2009, procede adaptar o anexo III das devanditas resolucións á nova redacción do artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo.

Este centro directivo, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Modificar o parágrafo 1 da base sétima das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG

nº 247, do 22 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de facultativo especialista de área de diversas especialidades, médico de urxencias hospitalarias, médico de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria e odontólogo de atención primaria, que terá a seguinte redacción:

1. Para o acceso á categoría convocada, os/as aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentos de realizar o exercicio sobre o contido da parte común do programa (temas 1 ao 8, ambos inclusive).

Segundo.-Modificar o anexo III das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de facultativo especialista de área de diversas especialidades, médico de urxencias hospitalarias, médico de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria, farmacéutico de atención primaria, odontólogo de atención primaria e médico coordinador do 061, que terá a seguinte redacción:

**ANEXO III****1º Exercicio (eliminatório):**

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 10 preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre o contido da parte específica do programa do anexo V, e directamente relacionados coa actividade específica dos centros, nun prazo máximo de 180 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 50 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

**2º Exercicio (obrigatorio non eliminatório):**

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 10 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 2 preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa do anexo V (temas 1 ao 8, inclusive), nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

**3º Exercicio (obrigatorio non eliminatório):**

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 10 preguntas tipo test con catro respostas

alternativas, máis 2 preguntas de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento por parte dos aspirantes da lingua galega, nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega), aos que se lles asignarán 5 puntos.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Rocío Mosquera Álvarez  
Xerenta do Servizo Galego de Saúde

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 27 de maio de 2009 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de química orgánica a Luis Alberto Sarandeses da Costa.*

De conformidade coa proposta da comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 20 de febreiro de 2009 (BOE do 10 de marzo), para a provisión da praza nº 09/004 de catedrático de universidade da área de coñecemento de química orgánica, departamento de Química Fundamental desta universidade, a favor de Luis Alberto Sarandeses da Costa, con DNI 33845110-N, e unha vez que o interesado acreditase os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Luis Alberto Sarandeses da Costa catedrático de universidade da área de coñecemento de química orgánica, departamento de Química Fundamental desta universidade.

No prazo máximo de vinte días contados desde o día seguinte ao da publicación deste nomeamento no BOE, o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no BOE, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente poderase interpoñer recurso de reposición perante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 27 de maio de 2009.

José M<sup>a</sup> Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña

## UNIVERSIDADE DE VIGO

*Resolución do 15 de xuño de 2009 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios/as docentes universitarios.*

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios (en diante RDCA), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia.

Esta reitoría, no uso das competencias recoñecidas pola LOU, resolveu convocar a concurso a praza que figura no anexo I da presente resolución, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-*Normas xerais.*

Este concurso rexerese pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante Lei 30/1992), os estatutos da Universidade de Vigo pola normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, aprobada polo Consello de Goberno o 8 de outubro de 2008 e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Segunda.-*Requisitos dos/as candidatos/as.*

2.1. Para ser admitido/a á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nesta base na data de finaliza-